



ADAPTACIÓN DE TEXTOS NARRATIVOS

John Kennedy Toole: 'A CONXURA DOS NECIOS'

A conxura dos necios, esa novela fantástica, esa «proeza», ese xigantesco cadro simultánea e excepcionalmente cómico, satírico e tráxico, recibiu en 1981 o premio Pulitzer de ¿ficción?

O autor, John Kennedy Toole, suicidouse once anos antes, coa frustración de ver rexeitada a súa obra polos editores americanos.

A súa audacia, o seu alegato desquiciado, espido e inconmensurable, levou a **Compañía Sarabela** a elixir este proxecto de «grande envergadura» des-

pois de dúas experiencias inesquecibles de «xéneros apertados»: *A esmorga* de E. Blanco Amor e *O lapis do carpinteiro* de M. Rivas.

O protagonista, Iñacio Rei, vive aos trinta anos coa súa estafalaria nai; está a escribir unha extensa e demolidora denuncia contra o noso século, tan falto de «teoloxía e xeometría» como de «decencia e bo gusto». Observa unha sociedade ourizada onde a corrupción e o vicio gobernan sen pudor. Cre, como os pensadores medievais, que a deusa





Fortuna ten ao mundo submiso e co seu corno da abundancia distribúe a capricho o ben e o mal; a riqueza e a pobreza; o pracer e a mágoa. Do mesmo xeito que Casandra, o escritor formula os seus oráculos en pleno delirio; sabe que as previsións das persoas clarividentes son xustas, pero ninguén lles dá creto. Por unha inesperada necesidade de diñeiro, vese «catapultado na febre da existencia contemporánea», febre á que Iñacio engadirá algúns graos máis.

Na **dramaturxia** desta traxicomedia cósmica e disparatada seguiu-se un proceso de síntese e destilación. Buscou-se a maneira de transformar o material literario en material escénico con total lealdade ao espírito da novela e coa liberdade de eliminar as descrições e a narratividade, para facilitar a progresión da fábula e poñer en visión e polifonía esta obra única. Herdeira da tradición teatral de Shakespeare ou Cervantes, chega ás nosas mans coma un poderoso imán que nos engaiola.

Para construír este organismo vivo, esta COMEDIA

BUFA, desde a **posta en escena** tívose en conta que as obras son as fillas inmortais que desafían aos seus proxenitores; procurouse, ademais, unha boa harmonía entre deseñadores, intérpretes, técnicos e realizadores. Optamos por crear doce espazos habitados por quince personaxes ao límite da supervivencia. Construímos un espectáculo de sabor agridoce; unha pequena fenda entre a cordura e a loucura, os xenios e os farfalláns. O **elenco** constitúe unha das **claves** esenciais para facer sorrir, suspirar, sorprenderse, angustiarse, chorar de risa —e máis— aos espectadores.

A conxura dos necios estreouse o dous de outubro de 2002 no Teatro Principal de Ourense e compartiu xira cos catro espectáculos que a Compañía tiña en repertorio: *O lapis do carpinteiro*, *O romance de Micomicón* e *Adhelala*, *Sexismunda* e *A illa amarela*.

*A posta en escena que propón Sarabela é eficaz e precisa, «unha aposta nova, sorprendente».*²⁴

²⁴ Vid. Lupe Gómez: «Unha obra animista moi animada», *O Correo Galego* (Santiago de Compostela), 4 de novembro de 2002.

